

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE XULLO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbanse as actas das sesións extraordinaria e ordinaria da Xunta de Goberno Local, correspondentes aos días 27 e 29 de xuño de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión de licenza para parcelamento da parcela matriz 46B sita en solo urbano, rúa da Industria, cunha superficie de 4.386,00 m² en dúas parcelas independentes coas seguintes superficies: parcela segregada 46B1 cunha superficie de 2.644,27 m² con fronte á rúa da Industria e parcela segregada 46b2 cunha superficie de 1.741,73 m² con fronte á rúa da Agricultura.

Acórdase a rectificación do erro padecido no acordo número 8/106, adoptado pola Comisión de Goberno en sesión celebrada o día 18 de febreiro de 1992, polo que se concedeu a licenza de obra para construción de edificio na rúa Pintor Pacios, números 5 e 7, e conseguintemente, na licenza de obras 255/92.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para reforma de vivenda para a súa división en dúas vivendas independentes, no edificio con licenza anterior número 210/81, sito en solo urbano, na rúa Rampla Claudio López, números 5-7; para acondicionamento de fachada para local restaurante na planta baixa do edificio sito en solo urbano, na praza Comandante Manso, número 19; para legalización de obras de acondicionamento do local a da planta baixa do edificio con licenza número 1166/99, sito na rúa Círculo das Artes, número 5; para rehabilitación de vivenda unifamiliar illada no núcleo rural tradicional de Teicelle, número 3, parroquia de

Santalla de Lamas e para desvinculación de dúas prazas de garaxe na planta baixa do edificio con licenza número 790/74, sito na rúa Unidade, nº 9, e vinculación no entresollado do edificio con licenza número 475/96, sito na rúa Unidade, números 3-5.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a aprobación de bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Oficial Conductor pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna.

Acórdase deixar sen efecto a apertura de información reservada acordada pola Xunta de Goberno Local o vinte e tres de marzo de dous mil once ao Cociñeiro do Fogar do Transeúnte.

Así mesmo, acórdase adiar a modificación de erro padecido no acordo número 4/446 da Xunta de Goberno Local extraordinaria, do 27 de xuño de 2011, relativo o cadro de persoal de funcionarios eventuais da Corporación municipal 2011, para un mellor estudo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos das tarifas de consumición correspondentes á explotación do servizo de cafetería ánxexa ao Centro de Convivencia Fingoi para o período comprendido entre o 4 de maio de 2011 ao 3 de maio de 2012.

Tamén se acorda revisión de prezos para o período que vai dende o 28/05/2011 e o 27/05/2012 do contrato administrativo asinado coa entidade adxudicataria da contratación do servizo público municipal do centro de día “Novo Antonio Gandoy”.

Acórdase a prórroga do contrato subscrito coa empresa, adxudicataria do contrato correspondente á execución das actividades de ensinanza deportiva e outras complementarias nas escolas deportivas municipais, polo prazo dun ano contado a partir do 10 de xullo de 2011.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento

aberto na contratación dun servizo de comidas aos usuarios do centro de día “Novo Antonio Gandoy” e a apertura do procedemento de contratación.

Acórdase a indemnización de danos causados á empresa do contrato de explotación da cafetería restaurante anexa ao centro de empresa e innovación (Complexo Cei-Nodus-Espazo Lab-parque de bombeiros).

Acórdase a incoación de expediente de incautación da garantía definitiva na obra de acondicionamento interior de local para cafetería-restaurante no Complexo Cei-Nodus-Parque de Bombeiros.

4. FACENDA LOCAL.- Acórdase a aprobación da solicitude formulada na que interesa a devolución da cantidade ingresada, mediante autoliquidación número 3302297, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 1.574,55 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construción de nave industrial na rúa das Panadeiras, parcela 9.1.

Tamén se aproba a solicitude formulada na que interesa a devolución da cantidade ingresada, mediante autoliquidación número 3728475, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 6.719,59 €, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construción de seis vivendas unifamiliares no núcleo rural tradicional de Cristimil-Riazón, parroquia de San Martiño de Ombreiro.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Sección de Cultura e a aprobación da forma de compensación.

Lugo, 6 de xullo de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García